

O PREGOEIRO

Vivían nun lugar escuro cun ceo gris que abafaba. Un lugar no que a herba estaba seca, as flores murchas e a monotonía presidía o comportamento das persoas desa vila.

Moitas veces soñaban con mares azuis, con xardíns claros, con rúas de cristal e co sorriso na face das persoas.

Un día, ao lonxe, escoitaron a voz de alguén. Un alguén descoñecido que semellaba vender ilusións. O neno e mais a nena estaban no balcón soñando, como facían cada día ao volver da escola.

Dirixiron as súas olladas cara á praza e descubriron un home vestido algo estrafalariamente cun traxe de cadros, cuxos pantalóns lle daban polos xeonllos, unha garavata amarela e un sombreiro negro algo esvaído, talvez polo paso do tempo.

Para eles foi un motivo de diversión. Non o pensaron dúas veces, escacharon o seu peto para ver se podían mercar o que ese home, un pregoeiro, vendía. Un par de moedas. Abondarían?

Baixaron a fume de carozo e ao chegaren máis preto del ficaron pamos. Ese home, ese pregoeiro vendía nubes de cores. A nena lembrou daquela o poema que a mestra lles lera había unhas semanas. Era dun poeta andaluz, de cabelo cano, e comezaba con estes versos: *Vendo nubes de colores, / las redondas coloradas / para endulzar los calores...*

Á nena gustáralle tanto ese poema que ao chegar á casa escribiuno no seu caderno persoal.

As voces do pregoeiro turraban dos nenos que, abraiados por eses globos que non eran globos, desexaban achegarse a el. Pero algo había nese fenó-

meno que non os deixaba chegar ata el. Pedíanlle berrando que se detivese. O pregoeiro abandonaba a praza levando nubes de cores atadas con finos cordeis. Eran coma globos, pero non eran globos. Eran nubes vermellas, azuis, verdes, laranxas, rosas... Eran fermosas e dábanlle vida a ese ceo triste que envolvía decote o lugar.

O neno e mais a nena perseguírono ao longo da vila. Pero non o daban collido. «Estaría xordo?», preguntábanse. O home cada vez afastábase máis e máis. Os nenos vían o colorido ao lonxe, no ceo, sobre as casas. E corrían. Porén, a distancia, malia ir correndo, era máis grande. Non o podían explicar. No ceo pequeno do pregoeiro as nubes aparecían fermosas. Eles corrían. O home andaba, pero non foron quen de achegarse a el. Daquela, detivéronse. Era imposible alcanzalo. E non sabían por que. Ademais, non escoitaba os seus berros. Ou non os quería escoitar. Xa non sabían que pensar. Víanse sós.

Non había ninguén pola rúa. Ollárono con desilusión. A modo, o neno e a nena deron a volta e regresaron á escuridade cotiá á que estaban afeitos. Sentíanse defraudados.

Xa no balcón pensaron se todo iso non sería un soño. Un soño máis dos que soñaban nese lugar.

Xa llelo dicían os seus pais: «Deixade de estar no balcón. Deixade de soñar».

Nesas estaban cando a nena se decatou de que abaixo, onde había un xardín seco e sen vida, comezaban a medrar unhas flores de mil cores sobre o céspede. E o neno mirou cara arriba e viu unha nube pequerrechiña que semellaba algo despistada, pero que ficara ben preto deles. Perderíase? Decidira instalarse aí e darlle cor a un lugar reseco? Estaría a descansar?

Os nenos non sabían que pensar, mais o certo era que certas cores aparecían nese xardín tantos anos abandonado.

O neno e a nena colléronse da man. Unha vez máis sentíanse moi unidos, pero despistados.

Quizais, pensaron, alguén mercara unhas nubes de cores, desas que vendía o pregoeiro e que podían cambiar o negror pola luz. Podería ser?

Eles estaban seguros de que o que estaban a vivir era máis ca un soño. Agarrábanse a iso.

Posiblemente mañá, continuaban pensando, o lugar comezase a cambiar e a facerse máis respirable. Talvez.

Se era un soño, xaora, non querían espertar.

Mentres, as flores seguían medrando.

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO